

ANEXO IV

SOLICITUDE DE PERMISO PARA UTILIZAR A IMAXE DE MENORES (*)

D./Dª. [] con DNI nº [], e con domicilio en [] da localidade de [] CP [] provincia [] pai/nai/titor de [], alumno/a do centro [], con DNI (1) [].

AUTORIZA a don/dona [] á publicación da imaxe do seu fillo/a [] no recurso educativo en liña [] que se poderá ver na internet.

Este material didáctico, de carácter universal, gratuíto e aberto, está exclusivamente suxeito a un uso educativo e non comercial. As accións e os produtos derivados da súa utilización non poderán, en consecuencia, xerar ningún tipo de lucro.

[] de [] de 200

SINATURA

(*) Os datos persoais recollidos serán tratados co seu consentimento informado nos termos do art. 5 da Lei orgánica 15/1999. De conformidade cos principios dispostos nela, poderase exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do ficheiro.

(1) No caso de que o teña.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 9 de xuño de 2008 pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presentación de solicitudes.

Advertido erro na Resolución do 9 de xuño de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 118, do 19 de xuño, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento á excelencia curricular e se abre o prazo para a presen-

tación de solicitudes, débese facer a seguinte corrección:

Na base sétima da citada resolución onde di: «O prazo para presentar as instancias en que se solicita a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento curricular docente e investigador será de 30 días naturais contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*», debe dicir: «O prazo para presentar as instancias en que se solicita a asignación das retribucións adicionais relativas ao complemento de recoñecemento curricular docente e investigador será de 40 días naturais contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*».

Nota: esta corrección non modifica o día de apertura do prazo de presentación de instancias; só modifica o día de finalización.